Concello de Ortigueira

SOLICITUDE DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

1.- Datos do titular ou representante

Nome e apelidos / Razón Social: .....

NIF / DNI / NIE: ..... Enderezo: .....

Localidade e C.P.: .....

Teléfono: ..... // ..... E-mail.:.....

Enderezo electrónico habilitado (DEH):.....

Actuando en: ☐ nome propio.

☐ representando a:

Nome e apelidos / Razón Social: .....

NIF / DNI / NIE: ..... Enderezo: .....

Localidade e C.P.: .....

Teléfono: ..... // ..... E-mail.:.....

Enderezo electrónico habilitado (DEH):.....

EXPÓN:

Que con data _____, o Excmo. Concello de Ortigueira outorgoulle licenza municipal para a construción / rehabilitación / reforma (táchese o que NON proceda) de _____ _____nunha parcela situada en _____ con referencia catastral _____

Que unha vez rematadas as obras precisa do outorgamento da Licenza de primeira utilización do citado edificio para o que se achegan a esta solicitude os documentos requiridos.

Por todo isto,

SOLICITA:

Que lle sexa outorgada a citada licenza de primeira utilización da edificación mencionada.

CLAUSULA DE PROTECCION DE DATOS E AUTORIZACIONS:

1. ADVÍRTESE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ortigueira. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo.

2. AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, ao Concello de Ortigueira á comprobación telemática con outras Administracions Públicas e/ou organismos de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da obra a executar

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Documentación común

☐ Impreso de comunicación previa de obras asinado polo promotor das mesmas ou no seu caso polo seu representante

Datos identificativos do solicitante:

☐ Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).

☐ Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda.

☐ Certificado final de obra: expedido polos técnicos da obra e visado polos Colexios respectivos.

☐ Fotografías de cada unha das fachadas.

☐ Documento acreditativo de estar solicitada na Delegación de Facenda a alta do inmoble na contribución urbana.

No caso dun edificio de vivendas e de conformidade co disposto no artigo 10 do Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, e no artigo 6.8 da orde ITC/1644/2011, do 10 de xuño, deberá achegar:

☐ Boletín de enganche selado pola Xefatura de Inspección de Telecomunicacións correspondente.

☐ Certificado final de obra selado pola Xefatura de Inspección de Telecomunicacións correspondente.

DATA DA SOLICITUDE	SINATURA DO SOLICITANTE
Ortigueira a, _____ de _____ de 20___	

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO MOI NOBRE CONCELLO DE ORTIGUEIRA